

EXPOSICIÓN

LIVING TOGETHER. Estratexias para a convivencia

29 maio - 20 setembro 2009



Nicole Eisenman. *Brooklyn Biergarten II*, 2008. Cortesía Nicole Eisenman + Barbara Weiss Galerie, Berlín

DATAS

29 maio - 20 setembro 2009

LUGAR

Salas de exposición do 1º andar

HORARIO

martes a sábados
(festivos incluídos)
de 11.00 a 21.00
domingos, de 11.00 a 15.00

PRODUCCIÓN

Centro Cultural
Montehermoso
Kulturunea, Vitoria-
Gasteiz

COMISARIOS

Xabier Arakistain e
Emma Dexter

ARTISTAS: 14

Daniel Baker (St. Mary, Kent, Reino Unido, 1961. Vive e traballa en Londres)

Marcus Coates (1968, Londres, Reino Unido. Vive e traballa en Londres)

Gardar Eide Einarsson (Oslo, Noruega, 1976. Vive e traballa en Nova York, EUA)

Nicole Eisenman (Verdún, Francia, 1965. Vive e traballa en Nova York, EUA)

Claire Fontaine (colectivo fundado en París, Francia, 2004. Viven e traballan en París)

Dora García (Valladolid, 1965. Vive e traballa en Bruxelas, Bélxica)

Delaine Le Bas (Worthing, West Sussex, Reino Unido, 1965. Vive e traballa en Worthing)

Josephine Meckseper (Lilienthal, Alemaña, 1964. Vive e traballa en Nova York, EUA)

Mai-Thu Perret (Xenebra, Suíza, 1976. Vive e traballa en Xenebra)

Société Réaliste (Ferenc Gróf Pecs, Hungría, 1972 e Jean-Baptiste Naudy, Francia, 1982. Viven e traballan en París, Francia)

Paula Trope (Río de Xaneiro, Brasil, 1962. Vive e traballa en Río de Xaneiro)

Eulàlia Valldosera (Vilafranca del Penedès, Barcelona, 1963. Vive e traballa en Barcelona)

Lynette Yiadom-Boakye (Londres, Reino Unido, 1977. Vive e traballa en Londres)

Artur Żmijewski (Varsovia, Polonia, 1966. Vive e traballa en Varsovia)

PRESENTACIÓN

Coa exposición '**LIVING TOGETHER. Estratexias para a convivencia**', o MARCO de Vigo continúa reforzando a súa programación de mostras temáticas e colectivas, que neste ano 2009 se une á nova liña de exposicións individuais, e que completa a oferta expositiva e de actividades dos próximos meses.

Producida polo Centro Cultural Montehermoso de Vitoria-Gasteiz, e comisariada polo seu director, Xabier Arakistain, e Emma Dexter, LIVING TOGETHER xira en torno á noción de convivencia no mundo contemporáneo, e aos valores sociais e políticos que a conforman. A mostra reúne 14 artistas procedentes de diversos contextos, que exhiben pezas recentes, realizadas nos últimos seis anos, e tamén producións específicas para este proxecto: fotografías, vídeos, instalacións, videoinstalacións, pinturas, esculturas, e obras noutros soportes.

A partir dunha reflexión sobre a pluralidade de grupos e suxeitos da sociedade actual, LIVING TOGETHER ofrece distintas visións das narrativas e valores que regulan a idea de convivencia. Os comisarios formularon a exposición como un exercicio de análise, reunindo a colectivos e artistas de diferentes procedencias que, dende posicións críticas, investigan sobre o concepto de convivencia e sobre o papel que xogan os sistemas de representación no mundo contemporáneo.

As obras e artistas presentes nesta exposición propoñen unha reflexión aberta e múltiple, ao tempo que formulan estratexias alternativas para a convivencia. En palabras dos comisarios, "en pleno auxe do individualismo, as pezas mostran como se constitúen grupos e comunidades co fin de progresar e de apoiarse mutuamente. Así mesmo, inciden en como fronte a un contexto xeneralizado de apatía política, a esperanza reside no compromiso e nas accións de tipo 'faino ti mesmo/a'".

ITINERANCIA

- Centro Cultural Montehermoso Kulturunea, Vitoria-Gasteiz: 23 xaneiro – 3 maio 2009
- MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo: 29 maio – 20 setembro 2009

INFORMACIÓN E VISITAS

O persoal de salas está a disposición dos visitantes para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

- Todos os días ás 18.00
- Visitas 'á carta' para grupos, previa cita no tel. 986 113900/11

TEXTO DOS COMISARIOS

“Que está a acontecer co espazo interrelacional do mundo contemporáneo?, que mecanismos operan, a miúdo veladamente, para ordenalo?, que valores debemos revisar, construír, consensuar e afianzar para que sirvan de alicerces sobre os que asentar as bases dunha mellor convivencia no século XXI?

Living Together aborda un abano de conflitos sociais, políticos, económicos e emocionais que están a marcar este comezo de século incidindo na íntima articulación que existe entre esas esferas. Invocando os conflitos que enfrontan entre si á pluralidade de suxeitos que comparten o momento actual, deséxase cuestionar como se constrúen e negocian as distintas narrativas que, nas nosas sociedades, nutren e regulan a idea de convivencia. Narrativas de longo, medio e curto percorrido, como as que concirnen aos valores sociais, as liberdades individuais e o seu control, os fluxos migratorios, a diferenza sexual, a étnica, o traballo, o desemprego, a pobreza, ou os dereitos humanos, ata tecer un longo etcétera de relatos que perpetuamos e construímos a diario.

A exposición formúlase como un dispositivo de análise que pretende desvelar a rede de ideoloxías que nutre esas narrativas —e que produce eses conflitos—, e destacar o papel que xogan os sistemas de representación nos procesos de negociación ou imposición da convivencia.

LIVING TOGETHER reúne 14 artistas procedentes de diversos contextos que exhiben pezas realizadas nos últimos 6 anos e producións específicas para esta mostra. Dende diferentes perspectivas, as obras propoñen unha reflexión aberta e múltiple sobre as cuestións anteriormente enunciadas, á par que formulan estratexias, alternativas ás hexemónicas, para a convivencia. En pleno auxe do individualismo, as pezas mostran como se constitúen grupos e comunidades baseándose en estruturas creadas co fin de progresar e de apoiarse mutuamente. Así mesmo, inciden en como fronte a un contexto xeneralizado de apatía política, a esperanza reside no compromiso e as accións de tipo "faino ti mesmo/a".

Os signos austeros de **Gardar Eide Einarsson** expresan unha enérxica crítica á autoridade e ao control exercido sobre os individuos e os grupos. O cadro de **Nicole Eisenman** exploran a natureza mesma da condición humana que, utilizando un humor cru, describe a sociedade como grupos de individuos illados que subsisten máis que viven. Os neons e outros obxectos aparentemente inofensivos, customizados polo colectivo artístico **Claire Fontaine**, fan as veces de interface entre a arte e o activismo, deixando ao descuberto a agresión e a violencia inherentes ao hipercapitalismo.

O proxecto *EU Green Card Lottery: The Lagos File* do colectivo **Société Réaliste** investiga a industria da migración e como Europa controla as súas fronteiras e man de obra. A serie fotográfica de **Paula Trope**, *Sem Simpatia*, mostra os rapaces e nenos das favelas de Río; imaxes creadas polos propios suxeitos marxinais utilizando cámaras escuras caseiras feitas con latas e distribuídas pola artista. O vídeo de **Dora García**, *Céllule Cité Lénine*, examina o legado diatópico do fracaso que se percibe na arquitectura experimental modernista a través dos habitantes dun edificio situado nos suburbios parisienses, mentres que as fotografías de **Eulàlia Valldosera** trazan un mapa dos dramas ocultos e as estruturas que operan nas realidades sociais contemporáneas.

As esculturas e instalacións de **Josephine Meckseper** exploran as relacións entre a alta costura, o fetichismo mercantil e o activismo político, establecendo analoxías no espazo simbólico das sociedades de consumo entre ámbitos aparentemente distantes. **Mai-Thu Perret** crea unha meta-narrativa sobre unha comunidade de mulleres que deu as costas á sociedade. A instalación de **Daniel Baker** idea un labirinto desorientador de signos e mensaxes ambiguas e contraditorias, creando múltiples capas de lectura, que fan referencia á cultura e a historia. O conceptualismo poético de **Marcus Coates** reactiva a esperanza na cohesión social e na idea de comunidade utilizando a beleza e a espiritualidade para combater o illamento e o fracaso.

Pola súa banda, as instalacións de **Delaine Le Bas**, colaxes delicadamente bordadas, ocultan unha cólera amarga ante a hipocrisía continuada e os prexuízos contra as comunidades marxinais. O vídeo de **Artur Żmijewski** é un experimento deseñado co fin de reflectir os conflitos inherentes á sociedade; en *Them*, o artista organiza unha reunión polémica entre grupos sociais radicalmente diferentes pero igualmente polarizados; o resultado é tan cómico como deprimente. Os cadros de **Lynette Yiadom-Boakye** céntranse sempre nun suxeito imaxinario; en *Pleased to Meet You* analiza como un mesmo individuo se transforma en relación a diferentes ámbitos e no contexto da interacción cunha comunidade doutros”.

Xabier Arakistain & Emma Dexter

Comisarios da exposición

SOBRE OS COMISARIOS

Xabier Arakistain é director do Centro Cultural Montehermoso Kulturunea, o primeiro centro de arte e pensamento contemporáneo do estado que está a desenvolver e a aplicar políticas de igualdade entre os sexos nos ámbitos da arte e a cultura. Previamente, Arakistain foi comisario independente dende que en 1999 inaugurara *Trans Sexual Express*, exposición na que incorporaba a cota de sexos como criterio curatorial. De 2001 a 2003 foi responsable de programación da Sala de Exposicións da Fundación Bilbao Arte Fundazioa, e de 2003 a 2006 dirixiu as mesas de debate sobre arte e feminismo na feira ARCO, dende onde impulsou o *Manifiesto Arco 2005*. Ten sido tamén comisario de varias retrospectivas de Leigh Bowery e das colectivas *Para todos os públicos/For all audiences*, *Kiss Kiss Bang Bang*, *45 anos de arte e feminismo*, *Switch on the Power. Ruído e políticas musicais*, e, a carón de Maura Reilly, de *A Mirada Iracunda/The Furious Gaze*.

Emma Dexter é directora de exposicións na Timothy Taylor Gallery de Londres. Ten comisariado varias mostras colectivas na galería, entre as que se inclúen *Ballet Mecanique*, 2007, ou *Ventriloquist*, 2009, e as monográficas sobre Armen Eloyan, Mai-Thu Perret e Susan Hiller. Do ano 2000 ao 2007 foi comsaria xefe na Tate Modern, onde comisariou as exposicións de Pierre Huyghe, 2006, Frida Kahlo, 2005, Luc Tuymans e Bruce Nauman, 2004, así como a primeira exposición fotográfica da Tate, *Cruel and Tender*, en 2003. En 2005 escribiu o ensaio introdutorio para *Vitamin D – a survey of contemporary drawing*, de Phaidon. Entre 1992 e 2000 foi directora de exposicións no ICA de londinense, onde organizou as primeiras exposicións en Londres de Marlene Dumas, Luc Tuymans, John Currin, Gary Hume, Jake and Dinos Chapman e Steve McQueen.

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

EXPOSICIÓN

'LIVING TOGETHER. Estratexias para a convivencia'

MATERIAL GRÁFICO DISPOÑIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, ENCHA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO, FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa Príncipe 54
36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación e Relacións Externas

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
Tel. +34 986 113908 / 113903
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	Correo-e:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Agradeceríamos remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.